

## O PP defende os intereses das grandes empresas e non o da veciñanza. Que ben negocia o noso alcalde!!!



- **Prezo proposto polo arquitecto municipal para a venda de terreos do Concello a Plastic Omnium: 27,78 euros por metro cadrado.**

- **Prezo que paga o Concello pola finca de Fenosa: 177, 41 euros o metro cadrado.**

O terreo vendido a Plastic Omnium é terreo situado en zona industrial, é dicir, váiselle quitar un rendemento económico. O terreo comprado a Fenosa padece diversas afectacións: linda co río Alvedosa, moi próximo á ría, e cunha instalación eléctrica.

Igual trabucámonos, porque a finca de Fenosa tamén terá un uso “industrial”, xa que se van a soterrar nel as instalacións da empresa, pero pensamos que non, xa que Fenosa seguirá sendo a propietaria do subsolo.

En definitiva, consideramos que o valor do metro cadrado da finca vendida polo Concello a Plastic Omnium, por sentido común, debería ser maior que o da finca comprada polo Concello a Fenosa.

Sendo xenerosos e igualando o valor potencial das fincas, utilizando a valoración feita polo arquitecto municipal, **pagámoslle a Fenosa de máis: 149.63 euros por metro cadrado.**

Unha de dúas, ou vendemos moi barato a Plastic Omnium, ou compramos moi caro a Fenosa. Isto da que pensar, non?

Imos seguir coas comparacións.

**Prezos propostos por Fomento para as expropiacións motivadas pola ampliación da ponte de Rande:**

- **Fincas rústicas: 8 euros o metro cadrado.**

- **Fincas edificables: 90 euros o metro cadrado.**

- **Prezo que paga o Concello pola finca de Fenosa: 177, 41 euros o metro cadrado**

Utilizando a valoración feita por Fomento, **pagámoslle a Fenosa de máis:**

\* 87.41 € no mellor dos casos, se a finca de Fenosa fora edificable.

\* 169.41 € no peor dos casos, se a finca de Fenosa a consideramos rústica.

**A veciñanza afectada pola ampliación queda sen seus terreos e vivendas de forma forzosa debido a unha obra innecesaria rexeitada pola maioría da poboación redondelá. Mentres Fomento ofrécelles unha miseria a cambio.**

**Fenosa deixa que unha propiedade súa, a casa, se deteriore ata converterse nunha ruína que ameaza a seguridade das persoas que deambulan pola súa proximidade.**

**Tamén podería soterrar a instalación que existe nesa casa, xa que está nunha zona urbana.** E despois de arredor de 2 anos de negociación, pois en xuño de 2012 aprobouse a moción presentada por AER para recuperar este espazo. **O alcalde firma un convenio no que o Concello paga 59.609,76 € a Fenosa (o 40% das obras) a cambio da superficie dun solar de 336 metros cadrados.** E dicimos a superficie porque hai que lembrar que o subsolo seguirá sendo de Fenosa.

**Estas son as grandes negociacións do PP de Redondela. E iso que Fenosa quere vender, os veciños de Trasmañó e Chapela non, e Plastic Omnium quere mercar!!! Venden barato o que é de toda a veciñanza e compran caro o que é das grandes empresas. Nada que nos sorprenda, é a práctica habitual deste partido en todos os ámbitos.**

**Esperamos que o Sr. Alcalde faga uso das súas grandes dotes de negociación e sexa quen de conseguir uns prezos semellantes de Fomento para a veciñanza afectada pola ampliación da AP-9, como os que el decidiu pagar cos nosos cartos a Fenosa.** Xa que non foi quen de parar a ampliación, como prometeu na campaña electoral o seu partido, é o mínimo que podería facer. **Aínda que nós, visto o visto, temos claro os intereses que defenden os membros do PP (ver titular).**